

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/17/2024	GOB18I0E4	
493N1K502R205O441E0D		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOUS DE MAIO DE DOUS MIL VINTECATRO

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**

MARIÁN FERREIRO DÍAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZD/D^a ROMAN ROMERO FRANCOD/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASALD/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZD/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIROD/D^a JOSE OREONA BRA**SRA. INTERVENTORA XERAL:**D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dous de maio de dous mil vintecatro, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE, ACEPTACIÓN E POSTERIOR RENUNCIA DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO " PRAZA DE GALICIA, CENTRO COMERCIAL E CENTRO DE ENCONTRO EN NARÓN".

.- Vista a proposta formulada que di así: “A Técnico de Promoción económica e programas de cooperación, en data 23/04/2024, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ECO18I052 que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo da Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ECO/14/2023: Subvención para o proxecto “Praza de Galicia, Centro Comercial e Centro de Encontro en Narón”
DESTINATARIO	Alcaldía/Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da solicitude, aceptación e posterior renuncia de subvención.

Por Resolución de Alcaldía de data 14/04/2023 (código de documento ECO17I03N) acordouse a solicitude de subvención ó Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a actuación denominada “Praza de Galicia, Centro Comercial e Centro de Encontro en Narón”. O importe estimado das actuacións ascenderon a 2.155.696,37 €. O acollemento á mencionada convocatoria, supuxo un importe máximo de subvención do 80 % (1.724.557,09 €), cunha achega mínima municipal de 431.139,28 €.

En data 16/11/2023 e a través do Servizo de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU), a Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo emite unha RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN da seguinte subvención para éste proxecto “Ayudas para el apoyo a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales de comercialización:

PLAZA DE GALICIA, CENTRO COMERCIAL Y CENTRO DE ENCUENTRO EN NARÓN						
IMPORTE TOTAL			2.155.696,37 €			
FUENTES DE FINANCIACIÓN						
RECURSOS EXTERNOS						
MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO.PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA. NEXT GENERATION	Partida de Ingresos	72001	1.724.557,10 €		1.724.557,10 €	
	Contrapartida de gastos	4330-61900	1.577.000,01 €			
		4330-62900	8.000,00 €			
		4330-62900	16.000,00 €			
		4330-64100	80.000,00 €			
		4330-64000	14.519,03 €			
		4330-64000	14.519,03 €			
		4330-64000	14.519,03 €			
TOTAL RECURSOS EXTERNOS					80%	*1.724.557,10 €
FONDOS PROPIOS						
4330-61900			394.249,99 €			
4330-62900			2.000,00 €			
4330-62900			4.000,00 €			
4330-64100			20.000,00 €			
4330-64000			3.629,76 €			
4330-64000			3.629,76 €			
4330-64000			3.629,76 €			
TOTAL FONDOS PROPIOS			20%		**431.139,27 €	

“
Primero.- Conceder la ayuda que a continuación se indica, para la realización de las actuaciones contenidas en la solicitud presentada por la entidad solicitante a esta convocatoria:

Presupuesto Financiable (€)	Subvención Concedida (€)
2,155,696.37	1,724,557.10

Segundo.- El apoyo financiero queda sujeto a las siguientes condiciones generales:

...
b) Realización de inversiones y gastos.- Las inversiones y gastos financiados previstos deberán realizarse en el plazo comprendido entre el 1 de enero de 2023 y el 30 de junio de 2024.
“

Por Resolución de Alcaldía de data 24/11/2023 (código de documento ECO17I0AB) acordouse a aceptación da axuda proposta por parte do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a realización de actuacións contidas no proxecto “praza de Galicia, centro comercial e centro de encontro en Narón” por importe de 1.724.557,10 euros

En data 18/12/2023 e tras a notificación da concesión da subvención anteriormente descrita, o órgano instructor tramita de oficio o pago da subvención con carácter anticipado polo 100 por cento da axuda concedida tal e como aparece reflexado no artigo 19 da citada convocatoria; a favor do Concello de Narón tal e como reflexa a carta de pago (Nº Op.Anterior: 120230009065).

En data 05/01/2024, dende a Subdirección General de Apoyo a la Competitividad del Pequeño Comercio; Secretaría de Estado de Comercio nos comunican unha ampliación excepcional dos prazos de execución ata decembro de 2024 sen posibilidade de ampliación en ningún caso dado que é a data máxima establecida no obxectivo CID no que se enmarca o noso subproxecto.

Consultado co Servizo de Contratación do Concello, comunícase que respectando os prazos legalmente establecidos para licitar tanto o proxecto de obras vinculado a esta subvención como a propia execución da obra, veríase seriamente comprometida a realización de, cando menos, o 60% do investimento dentro desta anualidade 2024.

En data 28/02/2024, e a raíz das información recibidas, se lle traslada á Subdirección General de Apoyo a la Competitividad del Pequeño Comercio; Secretaría de Estado de Comercio a consulta sobre o trámite a seguir a hora de practicar unha devolución anticipada da subvención.

En data 01/03/2024, dende a Subdirección General de Apoyo a la Competitividad del Pequeño Comercio; Secretaría de Estado de Comercio nos comunican o trámite a seguir no caso de solicitar unha devolución anticipada da axuda concedida:

“ Deberá informarnos de su intención de practicar una devolución voluntaria y la cuantía de la misma, para ello deberá hacer uso del trámite “SOLICITUD DE DEVOLUCIÓN ANTICIPADA” que podrá encontrar en su expediente electrónico. (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>)

Con posterioridad se le comunicará la carta de pago (modelo 069) a través del registro electrónico, con ella se realizará materialmente el pago en cualquier entidad bancaria o de crédito sin que sea necesario tener cuenta abierta en la misma; el pago también puede realizarse a través de la “SEDE ELECTRÓNICA” d ela Agencia Tributaria.

Esta carta de pago es el documento que deberá presentarse como parte integrante de la cuenta justificativa según los arts. 72 y 75 RLGS.

Estos mismos artículos regulan junto con el art 38,1 de la LGS los intereses de demora.

“

Por Resolución de Alcaldía de data 05/04/2024 (código de documento ECO18I04A) acordouse Renunciar á subvención concedida para o proxecto “Praza de Galicia, Centro Comercial e Centro de Encontro en Narón” con efectos dende o día 11/03/2024, data na que a Alcaldía deste Concello comunica ó Ministerio de Industria, Comercio e Turismo á Renuncia á axuda concedida vistos os prazos de execución e a imposibilidade de contratar e executar os traballos descritos na solicitude de concesión.

Esta Renuncia supón a obriga de reintegrar toda a financiación recibida así como os intereses de demora establecidos no art 38.2 da Lei 38/2003, General de Subvenciones e se procede, os intereses financeiros devengados previstos na correspondente convocatoria.

Resulta de aplicación, os seguintes,

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Convocatoria de subvención da Orde ICT /949/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, no marco do Plan de recuperación, Transformación e Resiliencia e procédese á súa convocatoria no ano 2021, modificada pola Orde ICT/565/2022, do 15 de xuño e pola Orde ICT/99/2023, do 31 de xaneiro.

- Resolución do Director Xeral de Política Comercial de Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo pola que se aproba a concesión definitiva de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de conformidade co disposto na Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro (BOE nº 218 do 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/565/2022 do 15 de xuño (BOE nº 148 do 22 de xuño de 2022) e pola Orde ICT/99/2023 do 31 de xaneiro (BOE nº 31 do 6 de febreiro de 2023) pola que se convoca a liña de axudas descritas anteriormente e á vista dos acordos adoptados pola Comisión de Avaliación na súa reunión de data 24 de xullo de 2023.

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Non o seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento. Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a proposta nunha sesión común en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado para a súa aceptación, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local da devandita aceptación e do acto de avocación.

- Bases de execución dos Orzamentos prorrogados do ano 2023. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión e o desestímulo deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do Plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. Para ese efecto, quen subscribe elaborou un Plan de financiamento adxunto e código ECO17I07E. Logo da aceptación da concesión da subvención, procederá a xeración do importe concedido nas aplicacións orzamentarias sinaladas no devandito plan.

Polo anteriormente exposto quen subscribe solicita á Alcaldía – Presidencia

Dar conta á Xunta de Goberno local da adopción das resolucións polas que se solicita, aproba e posteriormente renuncia á referida subvención.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código ICO18I059, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se solicita, aproba e posteriormente renuncia á referida subvención.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO :“INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO NO PAVILLÓN DA GÁNDARA” (FEDER 2021-2027).- Vista a proposta formulada que di así: A Directora de Programas Europeos e Planificación Local, en data 23.04.2024, elevou a esta Alcaldía o informe proposta de código PLA18I066 que dí:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da solicitude de subvencións

Desde o Departamento de Planificación Local, solicitouse a seguinte subvención a través da resolución de Alcaldía sinalada:

Expediente	Denominación	Órgano concedente	Importe da axuda solicitada	Data da resolución
PLA/2/2024	Proxecto para a Instalación fotovoltaica de autoconsumo no pavillón da Gándara” (Feder 2021-2027)	Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)	50.000,00€	17.04.2024

Respecto da devandita subvención, resultan de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucións da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación, no seu caso.
- No tocante ás subvencións referidas, ante a imposibilidade de tramitar a proposta nunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local antes de que expirara o prazo outorgado para a



presentación da documentación necesaria para a tramitación das devanditas subvencións, en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público, no seu art.10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tácitamente avocada a delegación da solicitude das subvencións, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución pola que se solicita a referida subvención”.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución pola que se solicita a referida subvención.

Visto o informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento anexo de código ICO18I05B , esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da citada resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4